



O 23 de abril é o *“Día Internacional do Libro e o Dereito de Autor”*, conmemoración promovida pola UNESCO no ano 1995 e que comezou a celebrarse nesta data, no ano 1996. É unha celebración a nivel mundial que ten como obxectivo fomentar a lectura, a industria editorial e a protección da propiedade intelectual.

Foi elixida esta data porque parece que coincide con falecemento de Miguel de Cervantes, William Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega (aínda que non son moi certas estas datas).

Dende o ano 2001, a UNESCO elixe unha cidade do mundo para realizar durante un ano actividades culturais relacionadas cos libros. Este ano foi nomeada para realizar estas actividades a cidade de Conakry (Guinea).


## ACTIVIDADES “ABRIL, LIBROS MIL”

Outro ano máis o noso centro celebra o Día do Libro con diversas actividades relacionadas coa lectura: conta – contos, cine, realizacións plásticas ... Son moitas e variadas o ocuparán a próxima semana e a primeira do mes de maio.

### CONTA –CONTOS PARA EDUCACIÓN INFANTIL

#### “A CEBRA CAMILA” E “COELLIÑO BRANCO”

- **3 ANOS A / B:** mércores, 26 de abril (12:00 horas).  
Aula de Psicomotricidade.
- **4 ANOS A / B:** xoves, 27 de abril ( 11:30 horas).  
Aula de Psicomotricidade.
- **5 ANOS A / B:** venres, 28 de abril ( 12:00 horas).  
Aula de Psicomotricidade  
Relatoras: Isabel García e Fátima E. Hernández



#### “A QUE SABE A LÚA?”

- **3 ANOS A / B:** mércores, 3 de maio ( 12:00)  
Aula de Psicomotricidade  
Relatora: Paula Román.



## CONTA –CONTOS PARA 5 e 6 ANOS DE EDUCACIÓN INFANTIL “ CINCO ENFADOS”

- **4 ANOS:** xoves, 4 de maio ( 12:00 horas)  
Biblioteca  
Relatoras: M<sup>a</sup> Jesús Arango e Begoña Vilas  
(Club de Lectura do ANPA)
- **5 ANOS:** venres, 5 de maio ( 12:00 horas)  
Biblioteca  
Relatoras: M<sup>a</sup> Jesús Arango e Begoña Vilas  
(Club de Lectura do ANPA)




## ENCONTRO COA ESCRITORA MÓNICA RODRÍGUEZ

### “ALMA Y LA ISLA”.


Autora: Mónica Rodríguez  
Il.: Ester García  
Ed. : Anaya

Alumnado de 5º A / B. O mércores, 26 de abril (9:15 horas).  
Lugar: Biblioteca



## CONTA –CONTOS PARA 1º DE PRIMARIA “ BAILAR NAS NUBES”

- **1º A / B:** venres, 28 (12:00 horas)  
Biblioteca  
Relatora: Paula Román.



## O CINE E A LITERATURA PARA 3º / 4º / 5º / 6º DE PRIMARIA

Literatura e cine, cine e literatura, dúas disciplinas cun mesmo obxectivo: contar historias a través de diferentes linguaxes. A través dos anos ata a actualidade vemos películas, que baseadas en obras literarias, evidencian a difícil tarefa de representar para a grande pantalla, as imaxes literarias. Con acertos e decepcións, recoñecemos como estes dous medios se queren e se complementan.

Dende o equipo de biblioteca pretendemos que o noso alumnado reflexione sobre este feito. Para isto, imos proxectar dous filmes que van servir de motivación para que os nenos/as falen de libros e cine: que libros coñecen que foran levados ao cine, se leron os libros antes ou despois de ver as películas, que lles gustou máis ...

## CONTA –CONTOS PARA 2º DE PRIMARIA “ EN QUE OBRA DE ARTE TE GUSTARÍA VIVIR?”

- **2º A / B:** martes, 2 de maio.  
Biblioteca  
Relatores: alumnado de 6º A



## PROYECCIONS

### “ OZ, MUNDO DE FANTASÍA”

- Alumnado de 3º e 4º de Primaria.  
Horario e lugar: a determinar co profesorado



## “LA HISTORIA INTEMINABLE”

- Alumnado de 5º e 6º de Primaria.  
Horario e lugar: a determinar co profesorado




Ao longo de todo o mes de maio, repartiremos estes libros xunto coa Tablet para que poidades gozar desta realidade virtual.

## CITAS OU FRASES DE CINE FAMOSAS

What `s New Old man?  
Teléfono ... mi casa!!  
Se está mejor en casa que en ningún sitio!  
O meu tesouro!

O equipo de biblioteca confeccionará un mural con citas ou frases de cine que se fixeron famosas ao longo da súa historia.



Para isto daremos un folio con varias citas e tamén un modelo inspirado en Piet Modrian para encher con cores (técnica libre ). Por exemplo:



## A REALIDADE AUMENTADA (PARA TODO O ALUMANDO)



Queredes ver a dinosauros deambulando pola vosa aula? Ou a un zapateiro viaxar a países, remendando os zapatos dos que se vai encontrando? E ... viaxar polo sistema solar?



Equipo de biblioteca

<http://www.abibliodopintorlaxeiro.blogspot.com>